

CAMPAMENTO CONCILIA 2026

≡ *Un verán de cine* ≡



Estimadas familias,

Dámosvos a benvinda ao Campamento Concilia do Concello de Arteixo, un espazo educativo, lúdico e de convivencia pensado para que os nenos e nenas desfruten dun verán cheo de aprendizaxes, amizades e diversión.

Este ano o campamento desenvolverase baixo o fío conductor “**Un Verán de Cine**”, no que cada quenda transportará ás crianzas a unha nova aventura inspirada no mundo do cinema: exploradores/as do Xurásico, piratas, magos/as, superheroes/as e protagonistas de historias inesquecibles!



HORARIO XERAL

07:15 – 10:00 h	Servizo de Madrugadores (almorzo antes das 09:15 h).
10:00 h	Entrada ao campamento.
10:00 – 14:00 h	Actividades do campamento.
14:00 h	Saída do campamento.
14:00 – 16:00 h	Servizo de comedor.
15:15 – 16:00 h	Recollida do comedor.
16:00 – 17:30 h	Servizo de ludoteca.



NORMAS BÁSICAS

- Respectar os **horarios** de entrada e saída.
- As modificacións puntuais deben comunicarse con antelación ao Departamento de Educación.
- As crianzas só poderán ser recollidas polas **persoas autorizadas**.
- Non se permite traer móbiles, consolas, smartwatches, xoguetes nin obxectos de valor.
- Manter unha actitude de **respeto** cara ao resto de participantes e ao equipo educativo.
- O incumprimento reiterado das normas poderá supor a aplicación de **medidas disciplinarias**.



QUE DEBEN TRAER CADA DÍA?



Merenda individual



Botella de auga



Gorra



Roupa e calzado cómodo



Crema solar aplicada desde a casa

Nos días de xogos de auga avisarase con antelación do material necesario (bañador, toalla, chanclas e roupa de reposto).



SAÚDE E INFORMACIÓN IMPORTANTE

As familias deberán **informar previamente** de calquera alerxia, intolerancia, tratamento médico ou circunstancia relevante.

O campamento non administra medicación, salvo situacións excepcionais autorizadas e coordinadas previamente coa organización.



COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

Toda a comunicación oficial realizarase a través do Departamento de Educación do Concello de Arteixo.

Para garantir a correcta organización do servizo, non se atenderán solicitudes, modificacións ou comunicacións a través dos teléfonos persoais do monitorado nin mediante mensaxes privadas.



EXEMPLOS DE TEMÁTICAS POR QUINCENAS:



AVENTURAS NO JURÁSICO



PIRATAS DO VERÁN



ESCOLA DE MAXIA



SUPERHÉROES EN ACCIÓN



E MOITAS MÁIS SORPRESAS!

Agaardamos compartir con vós un verán cheo de aventuras, xogos.